

TRABALLANDO O PLAN DE CONVIVENCIA NO NOSO COLEXIO



**CEIP “CASTRO DE OURO”
ALFOZ**

ÍNDICE	PÁXINA
1. XUSTIFICACIÓN.	1
2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO CONTORNO.	4
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN.	6
Conclusión enquisa alumnado	
Conclusión enquisa Mestres	9
Conclusión enquisa Familia	11
4. OBXECTIVOS.	14
Obxectivos Alumnado	
Obxectivos Mestres	15
Obxectivos familias	15
5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN QUE FAVORECEN A PARTICIPACIÓN E CONCRECIÓN DAS PERSOAS E ÓRGANOS RESPONSABLES PARA CADA UN DOS PROGRAMAS.	15
6. NORMAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.	18
7. FUNCIONAMENTO DA AULA DE CONVIVENCIA.	20
8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN ENTRE O CENTRO, AS FAMILIAS E O CONTORNO ESCOLAR.	21
9. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.	21
10. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA.	23
10.1 A organización dos espazos e instalacións.	23
10.2 A organización dos tempos.	24
10.3 Procedemento de atención aos alumnados accidentados.	26
10.4 A Distribución dos recursos.	26
10.5 Dereitos e deberes do alumnado, profesorado e outro persoal.	27
10.6 As conductas contrarias de convivencia e a súa corrección.	33
10.7 Previsión sobre a vestimenta do alumnado e o uso do teléfono móbil	37
10.8 O funcionamento do centro	37
a) Comedor	
b) Transporte Escolar	
10.9 Plan de Autoprotección e evacuación	39
11. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.	39

1. XUSTIFICACIÓN

Aprender a vivir xuntos, aprender a convivir cos demais, ademais de ser unha aprendizaxe valiosa en si mesma é imprescindible para a construción dunha sociedade máis democrática, máis solidaria, máis cohesionada e máis pacífica. A escola non é soamente un espazo de aprendizaxe curricular se non de crecemento persoal, de fomento das competencias sociais básicas e polo tanto un lugar privilexiado de convivencia. As inevitables situacións de conflito que se produzan deben converterse en oportunidades para aprender. Se o alumnado é capaz de medrar, aprender e madurar nun ambiente educativo de convivencia positiva, axudaremos a que sexan cidadáns responsables, capaces de asumir as diferenzas, respectar aos outros, dialogar e convivir.

O noso Plan de Convivencia responde a:

- Unha necesidade educativa que se reflicte no obxectivo de procurar unha formación integral do noso alumnado.
- Unha fundamentación legal reflectida na Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa xunto coa Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, que a desenvolve no Decreto 85/2007 de 12 de abril polo que se crea e regula o Observatorio galego da Convivencia escolar e as instrucións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa sobre a constitución do observatorio da convivencia nos centros educativos e para a elaboración do plan de convivencia.

O noso Plan de Convivencia nace co espírito de ser un plan vivo, dinámico, que responda ás necesidades detectadas no noso contorno educativo. A tal

fin partimos dunha avaliación previa da situación da convivencia empregando para iso unhas enquisa deseñadas para cada un dos grupos que compoñen a nosa comunidade educativa (pais, mestres, alumnos). A partir de da análise dos resultados globais en cada grupo se deduciron uns obxectivos específicos que permitiron orientar a selección do tipo de actuacións cara a súa consecución. Non obstante sabedores de que sería imposible abranguer tódalas realizacións establecéronse unhas prioridades que constituirán o referente para ser traballados no vindeiro curso 2017/2018.

Por outra banda non deberíamos obviar que o noso Plan tomará como referentes de especial relevancia o NOF, O Plan de Atención á Diversidade e o Plan de Acción Titorial.

2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO CONTORNO

O centro de Educación Infantil e Primaria Castro de Ouro de Alfoz é un colexio mixto no que se imparte Educación Infantil e Educación Primaria.

Consta de 1 unidade de Educación Infantil (4º,5º e 6º de Infantil) e 3 unidades de Educación Primaria (1º,2º e 3º de E.P) (4º e 5º de E.P) e 6º de Primaria, Ten servizo de comedor e transporte escolar que é empregado pola case totalidade do alumnado.

Imparten clase 10 mestres a 48 alumnos/as e conta cunha mestra de Pedagogía Terapéutica e 1 de Audición e Linguaxe compartida co CEIP Santa Mª do Valadouro, o mesmo co Departamento de Orientación. Como persoal non docente figuran 1 conserxe , 1 cociñeira , 1 axudante de cociña, 3 pais para a vixilancia do recreo de comedor e 1 para o servizo de limpeza.

Este colexio está situado na zona rural da Comarca da Mariña Central , dentro do municipio de Alfoz,(cunha poboación de 1818 habitantes aproximadamente), a unha distancia de 87 quilómetros da capital da provincia , Lugo.

Nas inmediacións do Centro atópase o centro de Saúde, a casa do concello, O Centro Sociocultural, o parque e a piscina municipal.

O concello de Alfoz consta de oito parroquias dispersas entre sí, polo que o contacto do alumnado fóra das horas de clase é moi limitado, quedando a estas idades ceñido practicamente á realización de prácticas deportivas organizadas polo concello fóra do horario escolar e aos fins de semana.

O nivel económico pode considerarse medio e medio-baixo, adicándose a maior parte da poboación á agricultura e ao sector forestal, moi arraigado nesta zona ao contar con empresas madeireiras.

A maior parte do alumnado vive con seus pais, irmáns e avós en vivendas concentradas principalmente nas parroquias, residindo un menor número do alumnado nas vivendas sociais preto do colexio.

O CEIP Castro de Ouro conta cunha ANPA a cal ten unha estreita colaboración co centro. A comunicación telefónica cos pais é fluída, e un día á semana adícase unha hora de tutoría para atención a pais. Asisten máis a estas reunións cando se achega a avaliación.

Case todo o profesorado que imparte docencia neste Centro ten destino definitivo e a media de idade é de 40 anos. A maior parte dos docentes son mulleres e viven a pouca distancia do Centro. Preténdese realizar un plan de acollida ao novo profesorado nos primeiros días de curso para expoñer as normas do Centro. A relación entre todos é moi boa.

O profesorado colabora en todos os proxectos do Centro. Está totalmente involucrado nos cambios que se están a levar a cabo no desenvolvemento das leis educativas.

Os espazos do Centro, a súa organización e distribución, recollidos no P.X.A. trata de eliminar desprazamentos innecesarios do alumnado. O profesor recolle ao grupo clase na entrada e o alumnado cambia de aula para

algunhas das materias impartidas por outro mestre. Á saída cada profesor leva ao alumnado ata as filas onde son atendidos polos profesores de garda.

As quendas de vixilancia dos recreos, realizaranse en catro grupos formados por tres profesores/as que se encargan da vixilancia en cada unha das zonas de patio (zona 1: pista de deportes e parque infantil, zona 2: campo de xogos, zona 3: porches e corredores interiores). A terceira persoa da quenda encargarase da vixilancia dos corredores interiores. Estará integrada por un dos membros da quenda seguinte, que se alternarán semanalmente. Os venres serán rotativos, e repartiranse entre o grupo 1,2,3 e 4, tocándolle un venres a cada ún de eles.

No recreo de despois de comer estas funcións son realizadas por tres pais.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN.

Para avaliar este aspecto partimos duns cuestionarios proporcionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Están destinados para todos os sectores da nosa comunidade educativa: alumnos/as, mestres/as, familias e persoal de administración e servizos,

Estos cuestionarios foron realizados polos alumnos/as de 5º a 6º de primaria do noso centro. O número total de alumnos que responderon foron: 21. Os cuestionarios destinados ao profesorado foron respondido por 8 mestres/as do centro, os dirixidos ás familias foron respondidos por un total de 7 familias, e do persoal de administración e servizo respostou 1 persoa.

As conclusións sobre as enquisas realizadas foron as seguintes:

CONCLUSIÓN ENQUISA ALUMNADO

1. En relación á pregunta de cantos amigos ou amigas tes no centro que non sexan da túa clase:

- Maioritariamente un 71,4% respostaron que tiñan 7 ou mais amigos/as.
- O 19% sinalaron 3 ou 4
- O 4,8% respostaron 1 amigo
- O 4,8% respostaron 1 ou 2

2. En relación á pregunta cantos amigos ou amigas tes na túa clase?

- Máis da metade, un 52,4% dixeron que tiñan 7 ou mais amigos/as.
- Un 19% sinalaron 3 ou 4 amigos
- Un 19% respostaron 5 ou 6 amigos
- 9,5% respostaron 1 ou 2 amigos

3. En canto ó coidado dos materiais e as instalación do centro, ante a pregunta sobre si o centro está moi coidado e non hai estragaos:

- Mais da metade, 57,1%, sinalaron que está bastante coidado
- Un 28,6% dixeron que pouco
- Un 9,5% sinalan moito
- Un 4,8% sinalaron que nunca

4. En relación a pregunta que problemas hai?:

- Un 23,8% sinalan que se fan pintadas nas mesas, paredes, nos aseos....
- Un 9,5% respostaron que o chan do comedor remata todos os días cheo de lixo, os comensais non teñen coidado.
- Un 4,8% sinalan que se danan os vehículos e outras propiedades privadas, non se respectan as cousas do centro, rompanse materiais da clase e do centro e roubanse materiais.

5. Sobre a forma de resolver os conflitos de convivencia no centro ou na aula:

- Un 47,6% sinala falando co mestre en privado e falando entre todos
- Un 38,1% respostaron mandando a falar co director/a ou xefe/a de estudos.

6. En canto a frecuencia de determinadas condutas positivas no centro:

- Un 76,2% moitas veces atende as explicacións
- Un 38,1% moitas veces axuda a algún compañeiro/a nas tarefas de clase
- Un 47,6% moitas veces cumpre as normas

- Un 23,8% bastantes veces evitan que traten mal aos demais
- Un 76,2% moitas veces fan as tarefas que lles mandan
- Un 81% moitas veces obedece e respecta aos profesores/as así como respecta o horario das clases.
- Cabe destacar que un 42,9% dos alumnos/as sinalan que poucas veces traballan en grupo.

7. En canto a frecuencia de determinadas condutas negativas no centro:

- Un 90,5% sinala que nunca sufriu acoso
- Un 52,4% nunca recibiu ameazas ou insultos
- Un 95,2% nunca o ameazaron utilizando o ordenador, o móbil...
- Un 52,4% sinala que poucas veces chega tarde á clase
- Un 57,1 % resposta que nunca deixa de lado a ninguén e fai caso a os compañeiros/as.
- Un 76,2% sinala que nunca desobedeceu a un mestre/a
- Un 52,4% nunca dixo mentiras ou rumores sobre alguén
- Un 95,2% nunca dixo mentiras ou rumores sobre alguén utilizando o ordeador
- Un 76,2% nunca entrou na clase e saiu sen permiso.
- Un 61,9% nunca faltou a clase sen falta xustificada
- Un 42,9 nunca insultou
- Un 47,6% nunca interrompiu, molestou ou non deixar de dar a clase ao profesorado
- Un 81% nunca se negou a facer tarefas que lles tocan
- Un 57,1% nunca non tivo coidado co aseo e ca limpeza persoal
- Un 76,2% sinala que nunca obrigou a un compañeiro a facer cousas que non quere.
- Un 52.4% nunca pego ou fixo daño e nunca puxo alcumes ou se riu doutra persoa.
- Un 90.5% nunca provocou, ridiculizou ou insultou o profesorado nin roubou diñeiro ou material.
- Un 95.2% sinala que nunca tomou drogas (alcohol, tabaco).

8. En canto os espazos onde hai problemas de convivencia:

- Un 38.1% sinalan que moitas veces no recreo

- Ante a pregunta padeciches alguna conducta negativa, acoso, agresión ou falta de respecto? O 81% dos alumnos/as sinalaron que NON e un 14,3% SI
- De esos 14,3% un 66,7% sinalaron que ante esa situación se sentiron tristes ou abatidos/as e que o compañeiro que realizou o comportamento negativo era doutro curso superior o del.

9. Sobre a pregunta cometeches alguna conducta negativa como faltas de respecto, agresión, acoso, etc...? un 85,7% sinalan que NON.

10. En canto as decisión que se toman na clase ou non centro.

- Un 57,1% respostan que lles dicen a súa opinión directamente ao profesorado.

CONCLUSIÓN ENQUISA PROFESORADO

1. En relación ao coñecemento dos documentos ou actuacións, referidos á convivencia no centro, indican que:

- Todos coñecen a comisión de convivencia, a persoa dinamizadora ou responsable da convivencia do centro e o plan de convivencia.
- En canto os titores, a metade, coñece a comisión de convivencia, o NOF, a persoa dinamizadora ou responsable da convivencia do centro, o PAT, o plan de convivencia e o PE.
- En relación a convivencia no centro nos últimos 3 anos, o 62,5% sinalan que mellorou lixeiramente nas etapas nas que imparten docencia e en xeral en todo o centro.
- Tamén consideran, un 62,5%, que no centro existen problemas de xeito puntual.

2. En relación a pregunta sobre a formación en materia de convivencia escolar, o 50% consideran que é boa e o 75% coñece os problemas de convivencia entre o alumnado.

3. En canto a influencia de diversos aspectos no clima escolar, creen que inflúe:

- Pouco: aplicar sancions estritas.

- Bastante:

- Adscribirse a plans e programas nos que se traballe a convivencia
- Aplicación rigorosa e sistemática das normas de convivencia
- Creación de diferentes gupos de traballa e figuras no centro para promover unha mellor convivencia.
- Difusión entre a comunidade educativa de todas as actuacións que en materia de convivencia se desenvolven no centro.
- A formación do profesorado en xestión de convivencia.
- Formulación da mellora de convivencia como obxectivo central na intervención do PE.

- Moito:

- Aboradar a convivencia dende a prevención
- Desenvolver en todos os membros da comunidade educativa programas para adquirir habilidades e competencias sociais.
- Favorcer una maior participación do alumnado na solución de problemas
- Traballar as normas de convivencia e os dereitos e deberes na acción tutorial.

4. Sobre a organización e uso dos espazos de centro o 75% saben que está regulado no NOF e respéctase por parte dos usuarios o establecido nel.

5. En canto o coidado dos materiais e instalacións o 75% sinalan que normalmente se coidan.

6. Sobre o coñecemento dalgúns protocolos/programas/actuacións que poidan considerarse favorables a convivencia, todos os Mestres/As sinalan que coñecen:

- a orde das entradas e saídas do centro, así como no comedor e transporte escolar.
- O protocolo de absentismo
- Protocolo de acoso e ciberacoso
- A solicitude de asesoramento do DO na xestión de conflitos no centro

7. En relación á resolución de conflitos o 87,5% sinalan que os resolven dialogando para intentar chegar a acordos.

8. Sobre a relación coas familias un 62,5% do profesorado sinalan que amosan interese polos estudos dos seus fillos/as e fan un seguimento continuado da súa evolución escolar.

9. En canto a importancia das seguintes causas nas condutas do alumnado, sinalan:

- Bastante:

- Un 62,5% un aumento da tolerancia na sociedade e a facilidade no acceso as TICs.

- Un 50% os problemas familiares

- Un 37,5 o contexto social e a formación pedagóxica do profesorado para afrontar novas problemáticas.

- Un Pouco:

- _ Un 50% a formación do profesorado en técnicas de regulación de conflitos.

- Un 37,5% na características da personalidade do alumno/a e a formación pedagóxica do profesorado para afrontar novas problemáticas.

- Un 25% o tipo de organización e clima do centro.

CONCLUSIÓN ENQUISA FAMILIAS

1. En canto a pregunta, que estudos lle gustaría que rematase o seu fillo/a e que título acadar?:

- O 85,7% dos pais gustaríalles una carreira universitaria

- Un 14,3% apuntan a Bacharelato

2. Á cuestión de si coñecen o contido dos seguintes documentos ou actuacións, referidos á convivencia no centro:

- Un 42,9% coñece o NOF, a persoa dinamizadora ou responsable da convivencia do centro, o plan de acción tutorial e o PE.

- Un 28,6% coñecen o Plan de Convivencia e o Plan Xeral de atención á diversidade.

-Un 14,3% coñece a Comisión de convivencia

3. En canto a opinión sobre a convivencia no centro nos últimos 3 anos, un 71,4% sinalan que mellorou lixeiramente, fronte a un 14,3% que respostan que empeorou lixeiramente e a un 14,3% que sinalan que mellorou moitísimo.

4. Ante a pregunta, si consideran que actualmente existe no centro problemas de convivencia, un 71,4% sinalan que NON fronte a un 28,6% que sinalan de Xeito Puntual.

5. Sobre a formación en materia de convivencia escolar, un 42,9% consideran que é boa a súa formación e a de toda a comunidade, fronte a un 42,9% que sinalan que é Regular a formación das familias para definir normas de comportamento na casa.

6. En canto o coidado dos materiais e as instalación do centro, un 61,9% están totalmente dacordo en que normalmente se coida o material e as instalación.

7. Ante a pregunta sobre a participación activa na vida do centro e as relación coa comunidade educativa:

- Todos sinalan:

-Que se achegan ao centro de vez en cando solicitando cita co titor/a se seren convocados.

-Que acuden o centro cando se convoca.

-Que amosan interese polos estudos dos fillos/as e fan un seguimento continuado da súa evolución escolar.

-Cren que coñecen ben ós seus fillos

-Falan a diario con eles sobre como lles foi no centro e doutros temas.

-Que os seus fillos adoitan falar con eles sobre aspectos que lles preocupan.

- Un 85,7% respostan:

-Amosa interese polos seus fillos/as no referente ao seu comportamento.

-Cóntanlles as cousas que occoren na clase.

-Coñece o tempo e os recursos electrónicos e dixitais que empregan os seus fillos/as.

-Na casa son comunicativos.

- Un 71,4% dos pais cren:

-O centro ten medios para transmitir a información ás familias por diferentes vías.

-O profesorado escoitaos e chegan entre todos a acordos de actuación.

-Senten que forman parte dunha comunidade escolar, dun proxecto común.

- 57,1% dos pais participan na ANPA e teñen información para participar nalgún órgano do centro.
- Un 42,9% sinalan que :

-Dende o centro os animan a ter ideas propias e a participar na mellora da convivencia.

-O centro dispón de espazos para desenvolver a nosa participación e programa os tempos de xeito que favorezan a participación.

-Recorren a dirección cando non hai acordo co profesorado.

- Un 14,3% respostan que:

-Amosan interese polos estudos dos seus fillos/as no referente aos resultados finais que reflicten as notas.

-Desconfían da información do profesorado

-O profesorado escóitaos pero non chegan a acordos.

- Ningún dos enquisados:

-Colabora en ningunha organización para mellorar o que sucede arredor do centro.

-Participa nos órganos colexiados de goberno do centro.

-Se reúne coas familias para buscar solución sobre cómo mellorar a convivencia do centro.

8. Un 85,7% sinalan que o seu fillo non foi vítima nin autor nin coautor de ningún tipo de acoso, fronte a un 14,3% que indican que o seu fillo/a foi vítima.

9. Dos pais que sinalan que o fillo seu foi vítima, respostaron que o tipo de agresión foi física, ameazas ou insultos e roubo de diñeiro e material.

10. Todas as familias coñecen ó Director, Mestres de apoio (PT,AL),Orientador e o titor do seu fillo. Un 85,7% coñece o secretario e o persoal coidador e o 57,1% coñece o Xefe de estudos,

11. Un 85,7% acostuma a apoiar as decisións que toma o titor e todos sinalan que están informados de todos os eventos especiais que se realizan no centro.

12. Un 85,7 % están satisfeitos co centro ao que asiste o seu fillo/a

13. Todos sinalan que ante problemas do seu fillos/as cos compañeiros de clase, tratan de falar e pedir información ó mestre titor e falan sobre o problema co seu fillo.

Como conclusión ás respostas destas enquisas, sinalar que debido á escasa participación nelas, non recollen a realidade de hoxe en día no noso centro. Dende o colexio observamos que non hai problemas graves de convivencia, sacando incidentes puntuais polo que os obxectivos que nos plantexaremos estarán mais ben enfocados á prevención de posibles conductas contrarias á convivencia.

4. OBXECTIVOS

Unha vez realizado todo o proceso anterior, procédese a seleccionar os obxectivos e as actuacións pertinentes que serán obxecto de traballo preferente para o vindeiro curso. O criterio de selección obedeceu a motivos de mera operatividade, xa que en principio tódolos obxectivos teñen a súa importancia, partimos da converxencia a nivel de actuacións. Isto quere dicir que en principio seleccionamos os obxectivos que implicaban actuacións comúns aos tres sectores da nosa comunidade educativa (profesorado, familias e alumnado) despois os obxectivos que implicaban actuacións comúns a dous dos sectores. Deste xeito a unificación fíxose en función das actuacións comúns tratando dar resposta ao maior número de obxectivos específicos dos tres sectores.

OBXECTIVOS ALUMNOS/AS

1. Mellorar a relación entre o alumnado
2. Axudarlles a solucionar os problemas.

3. Consensuar a principios de curso unhas normas propias de aula incidindo no coidado dos espazos e materiais.
4. Organizar actividades conxuntas que fomenten a convivência entre todos os membros da Comunidade Educativa.

OBXECTIVOS MESTRES/AS

1. Favorecer o traballo cooperativo do alumnado
2. Desenvolver entre todos os membros habilidades sociais de comunicación e educación emocional.
3. Consensuar a principios de curso unhas normas propias de aula incidindo especialmente no coidado dos espazos e materiais.
4. Organizar actividades conxuntas que fomenten a convivencia entre todos os membros da Comunidade Educativa.
5. Revisar e publicitar as normas que ten o centro en relación coa convivência.

OBXECTIVOS FAMILIA

1. Mellorar os hábitos e pautas atencionais na casa e no centro.
2. Revisar e publicitar as normas que tem o centro en relación coa convivencia.
3. Organizar actividades conxuntas que fomenten a convivência entre todos os membros da Comunidade Educativa.

5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN QUE FAVORECEN A PARTICIPACIÓN E CONCRECIÓN DAS PERSOAS E ÓRGANOS RESPONSABLES PARA CADA UN DOS PROGRAMAS

Na seguinte táboa faise unha descrición dos obxectivos específicos seleccionados, das actuacións deseñadas para acadalos, dos responsables e dos prazos de execución.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	PRAZOS
<u>Alumnado:</u> Mellorar a relación entre o alumnado. <u>Mestres:</u> Favorecer o traballo cooperativo do alumnado.	- Formación sobre cooperativo - Realización de actividades interniveis	Claustro	Ao longo do curso.
<u>Alumnado:</u> Axudarlles a solucionar os problemas. <u>Mestres:</u> Desenvolver entre todos os membros habilidades sociais de comunicación e educación emocional.	Programas de habilidades sociais, educación emocional...	Proporciona: orientadora Realizan: Claustro	Ao longo do curso
Consensuar a principios de curso unhas normas propias da aula incidindo especialmente no coidado dos espazos e dos materiais.	Elaboración de normas propias para cada aula.	Titores	Principios de curso

Organizar actividades conxuntas que fomenten a convivência entre todos os membros da Comunidade Educativa.	▪ Programación do día da Paz. Semana da convivencia. ▪ Charlas informativas a pais, xornada de portas abertas, festivais, festas...	Claustro	Ao longo de todo o curso
<u>Familia:</u> Mellorar os hábitos e pautas atencionais na casa e no centro.	▪ Reunión a principios de curso dos titores coas familias	Titores	Principios de curso e nas titorías individual mente.
<u>Familia:</u> Revisar e publicitar as normas que tem o centro em relación coa convivencia	▪ Difusión do plan de convivencia a través de varias canles.	Dirección/ Claustro	Ao longo do curso

6. NORMAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

A comisión de convivencia no noso centro crearáse no seguinte ano académico (2017-2018), terá un carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar para facilitar o cumprimento das competencias que , en materia de convivencia escolar, ten asignadas o consello escolar.

Os integrantes da comisión de convivencia serán nomeados pola persoa responsable da dirección por proposta dos colectivos representados.

Esta comisión estará composta por:

- Presidente (director/a)
- Representantes do alumnado
- Representantes do profesorado
- Representantes das familias
- Representantes do persoal de administración e servizos.

Todos os representantes estarán na mesma proporción na que se encontran representados no consello escolar do centro, aínda que non é requisito que sexan os mesmos.

Unha das persoas integrantes actuará como secretaria e redactará as actas das súas reunións.

Os profesionais aconsellables na composición da comisión serán:

- Persoa que ocupe a xefatura do D.O
- Profesorado que realice a función específica de dinamizador de convivencia no centro.
- Calquer outro membro da comunidade educativa que teña formación e sensibilidade nos temas relacións coa convivencia.

As funcións e actuacións da comisión de convivencia son:

- Elaborar o plan de convivencia do centro as demais actuacións derivadas do seu

desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión.

- Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no plan e normas de convivencia.

- Elevar ao consello escolar de cada centro e recoller na memoria anual da comisión de convivencia as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.

- As súas funcións por delegación do consello escolar:

- Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa

- Adoitar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa.

- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia.

- Propoñerlle ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia.

- Propoñerlle, de ser o caso, ao director/a persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar:

- O asesoramento dos profesionais do D.O que interveñen no centro

- A colaboración do : profesorado titor, educador/a social, doutros profesionais segundo a problemática de que se trate.

-Das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

A comisión deberase reunir mínimamente con carácter:

- Ordinario: tres xuntanzas anuais, unha por trimestre.

- Extraordinarias: cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

7. FUNCIONAMENTO DA AULA DE CONVIVENCIA.

Según o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, no seu artigo 25.2 o plan de convivencia incluírá, en relación coa aula de convivencia, os seguintes aspectos:

- a) Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta, segundo os criterios pedagóxicos que para tales efectos poida establecer a comisión de coordinación pedagóxica.
- b) Profesorado atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, que poderá ser profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia poderase contar coa colaboración do departamento de orientación. En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.
- c) Programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.
- d) Horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno/a sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos

pais, nais ou titores legais.

No caso do noso centro, non existen casos graves de convivencia polo que cremos que non é necesario habilitar unha aula para tal fin. Aínda así, neste colexio contamos con espazos suficientes para creala, si fose o caso; e cun D.O o cal nos proporcionaría programas de actuacións para desenvolve-la.

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN ENTRE O CENTRO, AS FAMILIAS E O CONTORNO ESCOLAR.

Tal como indica o protocolo de convivencia, neste plan levamos a cabo actuacións previstas para a consecución de obxectivos, actuacións conxuntas dos órganos de goberno e de coordinación docente, dos equipos docentes do centro, en coordinación cos que exercen a orientación así como actuacións dos titores/as e do equipo docente de cada grupo tanto na aula coma no centro. Tamén levamos a cabo actuacións específicas para a prevención e o tratamento da violencia sexista, racista e calquera outra das manifestacións e manteremos relación e contacto cos diferentes sectores institucionais e sociais do contorno que poidan participar no plan de convivencia, Por último, tamén empregaremos estratexias e procedementos par realizar a difusión, o seguimento e a avaliación deste plan.

9. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN

Este plan deber ser coñecido e asumido por todos os membros da comunidade educativa e polos sectores do contorno que poidan ser interesados, así pois o equipo directivo levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir o NOF do centro e as normas de convivencia na comunidade educativa.

Garantiremos esta difusión a través do Consello Escolar, dos titores nas reunións a principios de curso coas nais/pais, nas reunións específicas con

representantes das institucións ou organismos públicos ou privados dedicados á cultura no contorno do centro educativo e a través da ANPA do centro.

Os medios que empregaremos para levar a cabo a difusión deste plan serán: reunións informativas, folletos, trípticos, exposición nos lugares oportunos do centro e no blog do colexio.

E, cando a levaremos a cabo?: ao inicio de curso onde informaremos da concreción anual do plan (punto de partida, obxectivos e o plan que imos seguir), tamén o faremos ao longo do curso co obxectivo de informar dos avances, novos acordos... e a finais de curso para resumir todo o elaborado, as implicacións, as propostas de mellora, compromisos e o plan para o seguinte curso.

Ademáis nos momentos formais e informais, da vida cotiá do centro nos que o coñecemento do que se está facendo ofrece información relevante para a toma de decisión, proposta de actividades... e para reforzar a implicación das persoas no proceso e impulsar novas incorporacións.

10. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA.

10.1 ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E INSTALACIÓNS:

Pola mañá	Pola tarde
Uso exclusivo do propio centro escolar	Programa OES (ocio i estudio). Polideportivo (fútbol sala, patinaxe, ximnasia rítmica). Inglés (promovido polo concello). Mecanografía e informática (ANPA)

Criterios para o uso das Instalacións Escolares por parte de entidades ou persoas alleas á Comunidade Educativa.

Según a Orde do 22 de Xullo do 1997, no Cap. III, apartado 9: Para a utilización das instalacións dun centro público por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar do centro, presentarase a solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do consello escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á delegación provincial de Educación, que resolverá o que proceda, despois do informe da inspección educativa. Para uso ocasional e con carácter excepcional, o director poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

A utilización das instalacións por parte das asociacións de pais de alumnos, asociacións de antigos alumnos e as súas respectivas federacións, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de mestres, solo requerirá a solicitude previa ao director do centro, cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización, no marco das directrices fixadas polo consello escolar, si o seu destino é a finalidade propia de ditas institucións, sempre que non se altere o normal funcionamento do centro.

As instalacións dos centros poranse sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos para a educación de adultos, presencial ou a distancia, etc.

10.2 A ORGANIZACIÓN DOS TEMPOS.

a. Horario de atención ao público.

Horario apertura á comunidade	Pola mañá	Pola tarde
	09:30 H (APERTURA)	16 H (PECHE)

b. Horario lectivo do centro.

Horario lectivo	De mañá	De tarde
Luns	09:30h a 13:30h	15:00h a 16:00h
Martes	09:30h a 13:30h	15:00h a 16:00h
Mércores	09:30h a 13:30h	15:00h a 16:00h
Xoves	09:30h a 13:30h	15:00h a 16:00h
Venres	09:30h a 13:30h	15:00h a 16:00h

c. Horario do tempo de lecer.

Horario de lecer	Ed. Infantil	Ed. Primaria
	Mañá: 11:20h a 11:50h	Mañá: 11:20h a 11:50h
	Tarde: 14h a 15h (comedor)	Tarde: 14h a 15h (comedor)

d.Quendas de profesores encargados da vixancia dos recreos

ZONA	LUNS G1	MARTES G2	MÉRCORES G3	XOVES G4	VENRES
1	Adrián Suárez	M ^a Jesús Rodríguez	Sonia Barja	Ana García	G 1,2,3,4.
2	Maria Loureiro	J. Antonio Ramos	Roberto Veiga	Eva Lastra	G 1,2,3,4.
3	M ^a J. Rodríguez ou J. Antonio Ramos	Sonia Barja ou Roberto Veiga	Ana García ou Eva Lastra	Adrián Suárez ou María Loureiro	G 1,2,3,4.

As quendas de vixancia dos recreos, realizaranse en catro grupos formados por tres profesores/as que se encargan da vixancia en cada unha das zonas de patio (zona 1: pista de deportes e parque infantil, zona 2:

campo de xogos, zona 3: porches e corredores interiores). A terceira persoa da quenda encargárase da vixilancia dos corredores interiores. Estará integrada por un dos membros da quenda seguinte, que se alternarán semanalmente. Os venres serán rotativos, e repartiranse entre o grupo 1,2,3 e 4, tocándolle un venres a cada ún de eles.

e. Quendas de profesores encargados da vixilancia transporte escolar.

Horario	LUNS G1	MARTES G2	MÉRCORES G3	XOVES G4	VENRES
De: 09:15 Ata: 09:30	Adrián Suárez Marí a Loureiro	M ^a Jesús Rodríguez J. Antonio Ramos	Sonia Barja Roberto Veiga	Ana García Eva Lastra	G 1,2,3,4.
De: 16.00 Ata: 16.15	Adrián Suárez María Loureiro	M ^a Jesús Rodríguez J. Antonio Ramos	Sonia Barja Roberto Veiga	Ana García Eva Lastra	G 1,2,3,4.

10.3 PROCEDEMENTO DE ATENCIÓN AOS ALUMNOS ACCIDENTADOS

Co obxecto de facilita-la asistencia sanitaria en urxencias ós escolares que sufran algún tipo de accidente durante a actividade escolar, solicitaráselle a cada un dos pais titulares da tarxeta da Seguridade Social na que estean inscritos os alumnos, fotocopia desta. Con elas elaborárase un ficheiro actualizado no que figurarán unha fotocopia por cada alumno e que estará a disposición do profesorado na secretaría do centro.

En caso de accidente dun alumno, porase de inmediato en coñecemento da familia. No suposto de que un familiar non puidera facerse cargo do alumno accidentado ou indisposto ou a urxencia o requira, acompañará ó alumno o seu titor/titora ou outro mestre do centro, provisto, se procede, da fotocopia da tarxeta de beneficiario da Seguridade Social.

Cando se trate dun alumno que non sexa beneficiario da Seguridade Social ou non exista un centro dela, acudirase á institución sanitaria máis próxima.

10.4 A DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS.

No CEIP Castro de Ouro, contamos con diferentes recursos de tipo:

HUMÁNS:

- Claustro de profesores.
- Coidadora
- Equipos (dinamización da Biblioteca escolar, TICS, Orientación...).
- Comunidade educativa (Anpa, Concello, Asociacións culturais...).
- Alumnado en prácticas, si é o caso.
- Persoal non docente: conserxe, cociñeira, axudante de cociña, persoal de limpeza.

MATERIAIS:

- Mobiliario e instalacións docentes.
- Mobiliario e instalacións do Concello (Casa da Cultura, pavillón...).
- Medios e recursos audiovisuais e tecnolóxicos propios.

ECONÓMICOS:

- Dotacións recibidas da Consellería de Educación.
- Aportacións do Concello e ANPA.
- Achegas económicas doutras entidades, se é o caso.

10.5.DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO, PROFESORADO E FAMILIAS

Referente a este aspecto sinalar os dereitos e deberes en canto o profesorado, o alumnado e as familias.

Profesorado	
Dereitos	Deberes
• Todos os dereitos recoñecidos ao conxunto de traballadores. • Participar activamente na xestión do centro, por medio dos seus representantes. • Formar parte do claustro. • Solicitar reunión de claustro sempre que a petición sexa realizada por 1/3 do profesorado. • Ser respectados por todos os membros da Comunidade Educativa. • Participar como electores e elixibles nos órganos de goberno do centro. • Ter garantida a liberdade de cátedra. • Expoñer aos órganos de goberno as suxerencias, ideas e problemas que consideren convenientes. • Utiliza-las instalacións e material do centro, respectando horarios e normas establecidas. • Convocar ás familias do alumnado cando o	• Asistir puntualmente ao centro. • Cumprir coa vixilancia da entrada, recreos e gardas de tarde cando lle corresponda. • Cando por calquera motivo, se teña previsto faltar ó traballo, deberá comunicarse ó/a director/a con antelación, sen esperar a ser requiridos por este. • Celebrar as reunións programadas no PXA. • Convocar e falar coas familias do alumnado cando o estimen oportuno. • Informar ás familias da evolución académica do seu fillo/-a. • Cumprimenta-los documentos académicos do alumnado da súa titoría. • Levar control das faltas de asistencia do seu alumnado e solicitar xustificación das mesmas. • Avaliar ao seu alumnado respectando os

estimen oportuno, e celebrar as reunións programadas no Plan Xeral Anual. • Á renovación e perfeccionamento profesional dentro do centro, sempre que sexa posible a organización das actividades programadas para tal fin. • Exerce-lo dereito á folga. • Ser informado das comunicacións oficiais, actividades e incidencias do centro.	criterios fixados polo claustro e cumprindo as datas establecidas. • Asistir aos claustros, reunións de nivel, comisións, etc, a que se estea adscrito. • Respetar e cumprir os acordos tomados polo claustro e consello escolar. • Programa-la materia que imparte, prepara-las súas clases, coordinar cos demais compañeiros/as de nivel, seguindo as directrices do Plan Xeral Anual e programas oficiais. • Impartir unha ensinanza obxectiva, sen dogmatismos e adoutrinamentos, que contemple ó/á neno/a como o centro do sistema educativo. • escoitar os problemas do alumnado e tratar de orientalos na busca de posibles solucións. • Respecta-la liberdade de expresión do alumnado, recollendo as súas opinións, propostas ou reclamacións para trasladalas a quen corresponda. • Propiciar un clima de responsabilidade, de traballo e de esforzo que permitan que o alumnado desenvolva as súas capacidades. • Coidar que durante as horas de recreo o alumnado non quede na aula, despois das súas clases.
---	---

	• Gardar a confidencialidade dos datos académicos, sociais e familiares do alumnado • Gardar o debido segredo de todas as deliberacións e acordos que se suceden nas xuntanzas dos órganos directivos e das sesións de avaliación.
--	---

Alumnado	
Dereitos	Deberes
• Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. • Adquirir hábitos de hixiene e saúde. • Adquirir hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor. • Adquirir coñecementos científicos, técnicos, humanísticos,	• Respectar e cumprir coas normas de convivencia que se establecen no NOF. • Asistir con puntualidade as clases. • Participar e realizar as actividades propostas e orientadas ao desenvolvemento do currículo. • Traer o material e equipamento necesarios para o desenvolvemento das distintas actividades propostas no Centro. • Coidar e utilizar correctamente os bens e instalacións do centro. • Respectar as pertenzas dos demais. • Respectar o clima creado nas clases para o estudo ou traballo, tanto individual como en grupos.

históricos e artísticos. • Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos . • Coñecer as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos. • Formarse no respecto da pluralidade lingüística e cultural de España e utilizar e coñecer de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, linguas cooficiais na nosa autonomía. • Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual. • Coñecer as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia. • Ser protexido contra agresións físicas	• Respetar e comprender as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos. • Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá. • Respetar a todos os membros da Comunidade Educativa, especialmente aos seus mestres e compañeiros e compañeiras. • Asistir ao Centro coa hixiene e vestimenta adecuada. • Respetar o Proxecto Educativo do Centro. • Respetar as decisións dos órganos unipersoais e colexiados do centro, sen prexuízo de que poidan impugnalas cando estimen que lesionan os seus dereitos. • Participar e colaborar activamente co resto dos membros da comunidade educativa, a fin de favorecer-lo mellor desenvolvemento da ensinanza, da orientación e da convivencia do centro. • Coidar e utilizar correctamente os bens,
--	---

ou psíquicas, en particular, en situacións de acoso escolar. • Ter dereito á privacidade dos datos académicos, sociais e familiares.	mobles e as instalacións do centro e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa. • Non poderán acudir a clase con ningún elemento que poida distorsionar o normal desenvolvemento da actividade lectiva, a non ser coa autorización do mestre titor ou especialista correspondente.
---	---

Pais/ nais	
Dereitos	Deberes
• Que os/as seus/súas fillos/as reciban unha educación integral tal como está definida no Proxecto Educativo e unha ensinanza de acordo cos programas vixentes. • Coñecer o funcionamento do centro e o modo como se aplica o Proxecto Educativo. • Recibir información periódica sobre a evolución dos/as seus/súas fillos/as nos aspectos académicos e no proceso de maduración afectiva, social e moral. • Colaborar co profesorado, en orden a promover conxuntamente a formación integral dos alumnado de acordo co que	• Procurar que os/as seus/súas fillos/as teñan unha disposición favorable cara o centro. • Velar porque os/as seus/súas fillos/as acudan ó centro con puntualidade, hixiene e descanso suficiente. • Procurarlles aos seus fillos/-as o material necesario. • Velar porque o seus fillos/fillas realicen as tarefas propostas dende o centro. • Interesarse polo rendemento e comportamento dos seus fillos/as. • Ter contacto co profesorado e asistir ás reunións programadas. • Respetar as horas de visita establecidas

se establece no NOF. • Formar parte da Asociación de Pais e Nais de Alumnos/as e participar nas reunións e actividades que esta organice. • Participar na xestión do centro por medio dos seus representantes no consello escolar. • Celebrar reunións no centro para tratar asuntos relacionados coa educación dos seus/súas fillos/as, previa autorización do/da director/a. • Presentar propostas ou recursos ao órgano de goberno unipersoal ou colexiado, que corresponde en cada caso.	no centro. • Xustificar as ausencias dos/as seus/súas fillos/as cando padezan enfermidade contaxiosa ou estean en período de contaxio. • Responsabilizarse dos desperfectos que ocasionen ós/ás seus/súas fillos/as no centro. • Acudir ó centro cando sexan convocados polo consello escolar, equipo directivo ou profesorado. • Cumprimentar as enquisas, solicitudes ou calquera outro tipo de documento que lles solicite o centro, sempre e cando sexan de carácter obrigatorio. • Respetar os horarios lectivos para non interromper as clases. • Fomentar nos seus fillos/fillas o respecto cara ao profesorado e os seus iguais. Non falar mal deles diante do neno ou nena. Canalizar as críticas cara ao profesorado mediante diálogo con eles e co Equipo Directivo. • Establecer normas cos seus fillos/fillas e que aprendan a solucionar os conflitos de xeito pacífico e dialogante.
--	--

10.6 Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección.

Tal e como se recolle no artigo 33 do citado Decreto 8/2015 de Convivencia recolle que as condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

❖ Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidade física, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal e social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por neglixencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do epígrafe anterior.

❖ **Condutas leves contrarias á convivencia.**

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito percepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro.

MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS LEVES

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixiadas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa.
- c) Realización dos traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por ata un período de unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

10.7 PREVISIÓN SOBRE A VESTIMENTA E USO DOS TELÉFONOS MÓBILES.

No noso centro os alumnos poderán presentarse cunha vestimenta adecuada que respecte a súa dignidade, non supoña una discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde ou integridade persoal, e a dos demais membros da comunidade educativa, ou no impida ou dificulte a normal participación do alumnado nas actividades educativas.

Así mesmo, prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, e supervisados polo mestre/a, poderán empregarse como ferramenta pedagóxica."

10.8. FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS NO CENTRO

a) COMEDOR

A organización e administración do comedor escolar correspóndelle á comunidade educativa representada polo Consello Escolar. A organización seguirá as normas do/a encargado/a do comedor e as suxerencias dos/das profesores/as, colaboradores/as, que poderán ser variadas cando se estime oportuno.

Son usuarios tódolos/as nenos/as transportados, e en caso de praza, poderá ser empregado polos alumnos/as da localidade, sempre que non conleve ó establecemento doutro turno.

NORMAS DE USO DO COMEDOR:

- Os/as alumnos/as entrarán ó comedor sen abrigos e coas mans limpas.
- Entrarán en silencio ocupando o seu sitio e sen arrastra-las sillas.
- Cada alumno/a ten un sitio que non poderá cambiar sen autorización dos mestres.
- Esperarán en silencio a entrada de tódolos seus compañeiros, así como o servizo da comida.
- Por turnos establecidos previamente segundo a idade do alumnado, recollerase a mesa no desenrolo da comida, retirando os pratos sopeiros, culleres, fontes valeiras,... así como o resto da menaxe ó remate da mesma. Separarán os residuos. Non se tirará nada ó

chan. Unha vez recollida a mesa o encargado/a ou encargados/as limparana.

- Sairase do comedor en orden e sen correr.
- Terán que probar de todo.

TURNOS E RECREOS DO COMEDOR

Hai un turno de comida e de recreo despois da mesma, vixiado polos colaboradores/as.

FINANCIACIÓN

Este comedor está financiado pola Administración e polas aportacións voluntarias dos pais. Os/as alumnos/as da localidade contribúen mensualmente cunha aportación consistente no prezo da axuda por neno e día máis a aportación voluntaria dos transportados (esta cantidade será fixada polo Consello Escolar).

No caso de máis dun usuario da mesma familia estableceranse unhas bonificacións segundo o número, e concederanse axudas especiais para os máis necesitados.

b) TRANSPORTE ESCOLAR

Os alumnos/as son transportados por tres autocares a través de 3 rutas:

Ruta nº 1: Lagoa-Adelán

Ruta nº 2: Carballido- Bacoí

Ruta nº 3: Oiras- Pereiro

10.9 PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E EVACUACIÓN

Neste colexio contamos cun Plan de Seguridade e Autoprotección do Centro do cal se informou favorablemente en sesión de Consello Escolar celebrado o día 26 de xaneiro de 2000, por unanimidade.

Tamén contamos cun plan de evacuación realizado en Marzo do 2013 pola empresa Grupo MGO.

11.PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Tal e como se recolle no artigo 16.3 do citado Decreto, a comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, dacordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, por proposta da comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia e esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

A avaliación ordinaria do Plan de Convivencia levarase a cabo a través das reunións da Comisión de Convivencia do Centro que se reunirá, con carácter ordinario cada trimestre e con carácter extraordinario sempre que sexa necesario.

Na avaliación ordinaria terase en conta:

- Os problemas que xurdiron, as medidas tomadas e os resultados.
- O Plan de Convivencia e a necesidade de incorporar cambios na súa redacción.